

Plan Banda Larga 2010-2013





Índice

1. Introducción
2. ¿Como se elaborou o Plan Banda Larga de Galicia?
3. O Plan Banda Larga de Galicia 2010 - 2013
 - 3.1. Obxectivos estratéxicos
 - 3.2. ¿Cal é o noso Plan?
 - 3.3. ¿A onde queremos chegar?
4. Orzamento

➔ Índice

1. Introducción
2. ¿Como se elaborou o Plan Banda Larga de Galicia?
3. O Plan Banda Larga de Galicia 2010 - 2013
 - 3.1. Obxectivos estratéxicos
 - 3.2. ¿Cal é o noso Plan?
 - 3.3. ¿A onde queremos chegar?
4. Orzamento

¿Que é o servizo de Banda Larga?

“Servizo de acceso a Internet de calidade, cunha velocidade de descarga axeitada para satisfacer as necesidades mínimas dun usuario”

A velocidade mínima de descarga para considerar un servizo de acceso de banda larga difire dependendo do organismo que realice a definición. **Historicamente, a maioría de definicións** establecían a **velocidade de descarga mínima coma 1Mbps**. A día de hoxe, coas melloras conseguidas no ámbito das telecomunicacións, parece recomendable considerar unha velocidade límite máis elevada.

Na definición do **Plan Banda Larga de Galicia** considerouse o acceso ao servizo de banda larga coma o acceso a **Internet de calidade de cando menos 2Mbps** de velocidade de descarga e 512Kbps de velocidade de subida.




En España **20.741.237** persoas accederon a Internet nos últimos 3 meses¹.

Para conseguir a capacidade de acceso a Internet de todos os galegos é **imprescindible garantir que as infraestruturas de telecomunicacións** proporcionen o acceso necesario.

Xa que en Galicia

~ 40% dos concellos rurais sen banda larga



- Cobertura estimada: 0-20%
- Cobertura estimada: 20-40%
- Cobertura estimada: 40-60%
- Cobertura estimada: 60-80%
- Cobertura estimada: 80-100%


Índice de cobertura estimativa de banda ancha por Concellos,
 Fonte: Informe seguimiento PEGSI 2008

Galicia á cola en porcentaxe de fogares con acceso á banda larga



Fogares con acceso a banda ancha,
 Fonte: INE - 2008

¹ Fonte: INE 2009



Introdución Motivación do Plan

Con todo, a necesidade de elaborar unha **estratexia de despregamento** de infraestruturas que **garanta a dispoñibilidade de acceso a Internet de banda larga a toda a sociedade galega**,

defínese como unha **ferramenta imprescindible de soporte a todos os proxectos innovadores**, levados a cabo pola Xunta de Galicia para impulsar a **modernización dos diferentes servizos públicos** existentes.



➔ Índice

1. Introducción
2. ¿Como se elaborou o Plan Banda Larga de Galicia?
3. O Plan Banda Larga de Galicia 2010 - 2013
 - 3.1. Obxectivos estratéxicos
 - 3.2. ¿Cal é o noso Plan?
 - 3.3. ¿A onde queremos chegar?
4. Orzamento


¿Cómo se elaborou o Plan Banda Larga de Galicia?




Esquema de execución

Definiuse un plan de proxecto global que responde a un esquema de grandes fases:





A elaboración do Plan Banda Larga de Galicia seguiu as fases do seguinte esquema:




¿Cómo se elaborou o Plan Banda Larga de Galicia?



Elaboración do Plan- Análise da demanda

F1

Para o **estudo da demanda potencial** considerouse toda a tipoloxía de elementos de demanda de banda larga existentes en Galicia:



ILUSTRATIVO

Demanda total de cada núcleo de poboación:



Para levar a cabo a estimación dos posibles puntos de demanda contouse coa colaboración de todas as Consellerías da Xunta de Galicia, dos concellos galegos, deputacións provinciais e organismos ou entidades públicas de ámbito local ou provincial

¿Cómo se elaborou o Plan Banda Larga de Galicia?



Elaboración do Plan- Análise de infraestruturas

F1

Contempláronse todas as infraestruturas existentes en Galicia, xa sexan de carácter público ou privado

Xunta de Galicia



Operadores privados





Concellos e deputacións



Outras entidades privadas



Agregación de infraestruturas:



ILUSTRATIVO

Mapa completo de infraestruturas de Galicia

Para levar a cabo a análise de dispoñibilidade de servizo contouse coa colaboración das principais operadoras de rede presentes en Galicia


¿Cómo se elaborou o Plan Banda Larga de Galicia?

Elaboración do Plan- Análise de infraestruturas

F1

Ademais do mapa de infraestruturas existentes, analizouse o **nivel de conectividade de banda larga dispoñible** para cada un dos máis de 30.000 núcleos de poboación de Galicia segundo a seguinte clasificación:

- **Zonas brancas:** Zonas onde **non existen infraestruturas de banda larga** ou nas que non é probable que se desenvolvan nun futuro inmediato.
- **Zonas grises:** Zonas nas que **só existe un operador** de rede de banda larga.
- **Zonas negras:** Zonas nas que existen **dous ou máis provedores** de banda larga.



Distribución de concellos segundo zona predominante de oferta


¿Cómo se elaborou o Plan Banda Larga de Galicia?



Elaboración do Plan - Análise e priorización


A comparación entre demanda e oferta de infraestruturas permitiu **identificar as zonas sen cobertura de cara a definir o mapa futuro de infraestruturas.**

F2




Sobre o resultado **definíronse regras e algoritmos que permitiron identificar obxectivamente e de xeito cuantitativo diferentes niveis de necesidade de cobertura de servizos de banda larga.**

F3 Algoritmo de priorización



Mapa de zonas de demanda priorizadas



¿Cómo se elaborou o Plan Banda Larga de Galicia?



Elaboración do Plan – Factores de contorno

Tivéronse en conta os **factores de contorno** que poden condicionar as **políticas de telecomunicacións da Xunta de Galicia** e que permitiron **definir as medidas de acompañamento ao propio plan** de despregamento necesarias para favorecer o mesmo.

F4



Minimización do Impacto medioambiental



Compartición de infraestruturas para minimizar tempo e custo do despregue.



Tendencias tecnolóxicas actuais



Actuacións sobre a normativa aplicable para favorecer o despregamento.



Incentivos para a demanda




Infraestruturas Comúns de Telecomunicación (ICT)

¿Cómo se elaborou o Plan Banda Larga de Galicia?

➔ Elaboración do Plan – Algúns resultados da situación actual

En Galicia **786.000 galegos non poden acceder á banda larga, 30%** do total da poboación de Galicia.



Esta situación supón unha clara falta de vertebración territorial e unha clara desigualdade social en materia de acceso a servizos de telecomunicacións.


¿Cómo se elaborou o Plan Banda Larga de Galicia?

Elaboración do Plan – Algúns resultados da situación actual

Actualmente estímase que en torno a **35.000 empresas (16%) en toda Galicia non teñen posibilidade de acceso a banda larga** por atoparse en zonas onde non existe este servizo.

Sen banda larga...

11 polígonos industriais sen posibilidade de acceso a BL...



... **64%** das explotacións gandeiras...

... **51%** das casas de turismo rural ...



... e moitos máis sectores empresariais.

Ademais, Galicia colócase **á cola de empresas de menos de 10 empregados** que contan **con conexión de banda larga**, situándose 10 puntos por debaixo da media estatal (42% vs. 52%, INE - 2009)

Por tanto, existe unha barreira importante para o aproveitamento das TIC como motor para a dinamización e competitividade empresarial, e por tanto, do crecemento de sectores produtivos chave para Galicia.

¿Cómo se elaborou o Plan Banda Larga de Galicia?

Elaboración do Plan – Algúns resultados da situación actual

Actualmente, existen **1.421 núcleos de poboación nos que existe algún punto de demanda de banda larga por parte da AA.PP.**, dos cales aproximadamente **o 41% non conta con posibilidade de acceso a banda larga.**

Sen banda larga...

10%

Xulgados
de paz



25%

Centros
educativos



30%

Centros
Sanitarios



53 %

Casas
Consistoriais



Estes datos evidencian a imposibilidade da plena incorporación das TIC ás administracións e, por tanto, da modernización dos servizos públicos, o que vai en detrimento da mellora da calidade de vida dos cidadáns.

*Pode atopar o informe executivo do Estado Actual da Banda Larga en Galicia en
[http:// imit.xunta.es](http://imit.xunta.es)*

➔ Índice

1. Introducción
2. ¿Como se elaborou o Plan Banda Larga de Galicia?
3. O Plan Banda Larga de Galicia 2010 - 2013
 - 3.1. Obxectivos estratéxicos
 - 3.2. ¿Cal é o noso Plan?
 - 3.3. ¿A onde queremos chegar?
4. Orzamento




Objetivos estratéxicos (1/2)

Os resultados da situación actual do estado da banda larga en Galicia poñen de manifesto os seguintes **obxectivos estratéxicos** na definición do Plan:

15% Concellos NON RURAIS sen Banda Larga

40% concellos rurais sen Banda Larga



Reducir o desequilibrio territorial

Proporcionar acceso á banda larga a todos os galegos, cunha calidade de servizo e custo axeitado.

En torno a **35.000 empresas (16%) en Galicia** sen posibilidade de acceso a banda larga

Impulsar a competitividade e innovación nas empresas

Extraer o máximo aproveitamento das novas tecnoloxías como dinamizadoras económicas e xeradoras de competitividade e innovación





Objectivos estratéxicos (2/2)

SEN banda larga

- 10% Xulgados de paz
- 25% Centros educativos
- 30% Centros Sanitarios
- 53 % Casas Consistoriais



Modernizar os Servizos Públicos

Proporcionar acceso á banda larga a todos os núcleos con puntos de demanda pertencentes á Administración

Axentes privados e públicos teñen un papel relevante no despregamento de infraestruturas

Maximizar a cooperación

Asegurar un despregamento baseado na eficiencia e na cooperación de todos os axentes implicados, co fin de axuntar os orzamentos de fondos públicos cos esforzos investidores de capital privado




➔ Índice

1. Introducción
2. ¿Como se elaborou o Plan Banda Larga de Galicia?
3. O Plan Banda Larga de Galicia 2010 - 2013
 - 3.1. Obxectivos estratéxicos
 - 3.2. ¿Cal é o noso Plan?
 - 3.3. ¿A onde queremos chegar?
4. Orzamento



¿Cal é o noso Plan?

O Plan Banda Larga de Galicia de Galicia estrutúrase en **3 liñas estratéxicas ou eixos fundamentais**:





LIÑAS ESTRAT.	Despregamento de infraestruturas de telecomunicacións	Desenvolvemento de medidas facilitadoras do despregamento	Fomento e incentiación da demanda
------------------	---	---	-----------------------------------

Liña 1: Despregamento de infraestruturas

¿Por que se deben despregar infraestruturas de telecomunicación?


- 1 Para **garantir aos cidadáns e empresas de todo o territorio galego a dispoñibilidade de acceso ao servizo Internet de banda larga.**
- 2 Para dispor de redes que permitan **fornecer servizos innovadores, mellorar a calidade ofrecida ao cliente e adaptarse máis rapidamente ás novas tecnoloxías.**

Por tanto, o obxectivo deste liña do plan é...

Despregar unha infraestrutura de telecomunicacións moderna e sostible, acorde ás necesidades reais de Galicia e ás actuais tendencias tecnolóxicas



¿Cal é o noso Plan?



Liña 1: Despregamento de infraestruturas

¿Cómo o estamos a facer?

A través de diferentes actuacións para o despregamento de infraestruturas de rede:

**Despregamento
de infraestruturas**

Despregamento de redes fixas

Potenciación de Retegal

Despregamento de redes sen fíos

Satélite: Universalización do servizo


Despregamento de redes de nova xeración

**Vertebración territorial:
Zonas brancas**

Competitividade e innovación: Zonas grises e/ou negras



¿Cal é o noso Plan?



Liña 1: Despregamento de infraestruturas

A1 - Despregamento de redes fixas (1/2)

Vertebración territorial

Obxecto

Garantir **mediante o despregamento de redes fixas de alta velocidade**, a dispoñibilidade de acceso a Internet de banda larga nos **núcleos con maior demanda desatendida**.




Alcance

- Núcleos cabeceira de concello sen cobertura
- Núcleos de máis de 100 habitantes con alta demanda de servizo sen cobertura
- Parques empresariais e polígonos industriais con deficiencias de cobertura

Máis de 170 núcleos que equivalen ao redor de 100.000 habitantes



¿Cal é o noso Plan?



Liña 1: Despregamento de infraestruturas

A1 - Despregamento de redes fixas (2/2)

Vertebración territorial

Modo de execución

- Licitación de 2 convocatorias e bases de axuda destinadas a operadores de telecomunicación para a extensión de redes de banda larga fixas nas zonas definidas no ámbito de actuación da acción.


<i>Tipo convocatoria</i>	<i>Orzamento</i>	<i>Estado</i>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Convocatoria e base de axuda a executar no 2010 <i>Núcleos obxectivo:</i> 49 núcleos de poboación do ámbito rural de Galicia. <i>Características técnicas mínimas:</i> 2Mbps/512Kbps cun 50% garantido 	4,130 M€	Prevista
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Convocatoria e base de axuda a executar durante o período 2010 – 2012. <i>Núcleos obxectivo:</i> 121 núcleos obrigatorios, 229 opcionais. <i>Características técnicas mínimas:</i> 2Mbps/512Kbps cun 50% garantido 	10,895 M€	Licitada

Actuación a realizar antes durante o periodo 2010 - 2012

15,025 M€



¿Cal é o noso Plan?



Liña 1: Despregamento de infraestruturas

A2 - Potenciación de Retegal (1/3)

Vertebración territorial**Obxecto**


Dotar ao operador público Retegal de máis medios e capacidades, e converténdoo nunha ferramenta que permita **optimizar e acelerar o despregue aproveitando toda a infraestrutura pública actual, reducindo así os custes do despregamento e favorecendo a competitividade efectiva dos operadores privados.**

Alcance

- Adecuación e ampliación de infraestruturas (centros, emprazamentos, etc.)
- Ampliación da rede troncal de fibra óptica
- Adecuación e ampliación da rede de transporte radio



Permitirá reducir os custes e acelerar o despregamento de banda larga fomentando a competencia efectiva.



Liña 1: Despregamento de infraestruturas

A2 - Potenciación de Retegal (2/3)

Vertebración territorial

Modo de
execución


- Aprobación de **encomendas de xestión ao operador público Retegal** para dotarse de máis medios e capacidades.

<i>Encomendas</i>	<i>Estado</i>
Encomenda de Agader a executar no ano 2010	Aprobada
Encomenda de SXMIT a executar no período 2010 - 2013.	Aprobada

Actuación a realizar durante o periodo
2010 - 2013

Orzamento

35 M€



Liña 1: Despregamento de infraestruturas

A2 - Potenciación de Retegal (3/3)

Vertebración
territorial


Logros
polo
momento

Retegal **comezou os seus proxectos** principalmente para ofrecer **soporte aos proxectos de despregamento de redes de acceso sen fíos levados a cabo no ano 2010:**

- ✓ **Proxecto 'Repoblar' - Deputación de Pontevedra.** Prevese un investimento por parte de Retegal de 7M€ para a construción de 34 torres e a adecuación de outras 10, a ampliación de 85km de rede troncal de fibra óptica e a ampliación de 49 radioenlaces para a rede de transporte radio.
- ✓ **Despregamento de redes sen fíos - Deputación de Ourense.** Prevese por parte de Retegal a construción de 3 torres e a adecuación de outras 16, ademais da ampliación de 240km de rede troncal de fibra óptica.
- ✓ **Despregamento de redes sen fíos nos 28 concellos do Sur de Lugo e a súa contorna.** Prevese por parte de Retegal a construción de 9 torres e a adecuación de outras 4, ademais da ampliación de 13 radioenlaces para a red de transporte radio.



¿Cal é o noso Plan?



Liña 1: Despregamento de infraestruturas

A3 - Despregamento de redes sen fíos (1/3)

Vertebración territorial

Obxecto


Completar a cobertura de banda larga mediante redes sen fíos en todos os núcleos de poboación con alta demanda de servizo que non se cubran coas actuacións anteriores.

Alcance

- Todos os núcleos de máis de 100 habitantes.
- Todos os núcleos de menos de 100 habitantes con elevada demanda desatendida.

As infraestruturas do operador público Retegal poderán servir de soporte para reducir os custos e axilizar o despregamento de redes sen fíos

Pode chegar a 9.000 núcleos que equivalen a máis de 400.000 hab.



Liña 1: Despregamento de infraestruturas

A3 - Despregamento de redes sen fíos (2/3)

Vertebración territorial

Modo de
execución

- Licitación de 2 convocatorias e bases de axuda destinadas a operadores de telecomunicación para a extensión de redes de banda larga sen fíos nas zonas definidas no ámbito de actuación da acción.


<i>Tipo convocatoria</i>	<i>Orzamento</i>	<i>Estado</i>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Convocatoria e base de axuda a executar no 2010 <i>Núcleos obxectivo:</i> Orientada aos 28 concellos do Sur de Lugo e a súa contorna. <i>Características técnicas mínimas:</i> 2Mbps/512Kbps cun 20% garantido 	0,645 M€	Licitada
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Convocatoria e base de axuda a executar durante o período 2011 – 2013. <i>Núcleos obxectivo:</i> Resto de núcleos definidos no alcance <i>Características técnicas mínimas:</i> 2Mbps/512Kbps cun 20% garantido 	20,105 M€	Prevista

Actuación a realizar durante o periodo
2010 - 2013

20,7 M€



¿Cal é o noso Plan?



Liña 1: Despregamento de infraestruturas

A3 - Despregamento de redes sen fíos (3/3)

Vertebración territorial

Logros polo momento


Integración dentro do Plan Banda Larga dos proxectos en marcha levados a cabo pola **Deputación de Ourense e a Deputación de Pontevedra** para o despregamento de redes de acceso sen fíos de banda larga.

- ✓ **Proxecto 'Repoblar' - Deputación de Pontevedra.** Permitirá posibilitar o acceso mediante redes sen fíos ao 96% da poboación de 55 concellos da provincia antes do remate do ano 2010.
- ✓ **Despregamento de redes sen fíos - Deputación de Ourense.** Permitirá posibilitar o acceso mediante redes sen fíos ao 85% da poboación de 51 concellos da provincia antes do remate do ano 2010.

Retegal colabora activamente en ambos proxectos permitindo mellorar e axilizar sustantivamente os resultados esperados



¿Cal é o noso Plan?



Liña 1: Despregamento de infraestruturas

A4 - Despregamento de Redes de Nova Xeración (1/2) **Competitividade e innovación**

Obxecto

Incentivar o desenvolvemento de REDES DE NOVA XERACIÓN, e por tanto con velocidades de cando menos 100 Mbps, que posibilitan o acceso a novos e máis avanzados servizos da Sociedade da Información.



Alcance

- **Principais entidades galegas de poboación con máis de 500 habitantes** que, tendo acceso a banda larga, queden fóra do plan de despregamento dos operadores de telecomunicacións dos próximos 3 anos.

Máis de 1 millón de habitantes con Redes de Nova Xeración



¿Cal é o noso Plan?

Despregamento de infraestruturas de telecomunicacións	Desenvolvemento de medidas facilitadoras do despregamento	Fomento e incentiación da demanda
---	---	-----------------------------------

Liña 1: Despregamento de infraestruturas

A4 - Despregamento de Redes de Nova Xeración (2/2) **Competitividade e innovación**

Modo de execución

- Licitación de **1 convocatoria e bases de axuda destinadas a operadores de telecomunicación** para a extensión de redes de acceso de nova xeración nas zonas definidas no ámbito de actuación da acción.

<i>Tipo convocatoria</i>	<i>Orzamento</i>	<i>Estado</i>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Convocatoria e base de axuda a executar durante o período 2010 – 2013. <i>Núcleos obxectivo:</i> 86 núcleos establecidos obrigatorios, 243 establecidos opcionais. <i>Características técnicas mínimas:</i> 100Mbps/5Mbps cun 50% garantido 	28 M€	Licitada

Actuación a realizar durante o periodo 2010 - 2013

28 M€



¿Cal é o noso Plan?

Despregamento de infraestruturas de telecomunicacións	Desenvolvemento de medidas facilitadoras do despregamento	Fomento e incentivación da demanda
---	---	------------------------------------

Liña 1: Despregamento de infraestruturas

A5 - Satélite: Universalización do servizo (1/2)

Vertebración territorial

Obxecto

Completar a cobertura dos servizos de Banda Larga ao total da **poboación e das actividades económicas galegas** que, pola súa dispersión ou a súa xeolocalización non foran incluídas nas actuacións anteriores.


Previsiblemente, a **elevada dispersión da poboación e a orografía** particular dalgunhas rexións de Galicia converten á **opción satelital** na única **opción viable de posibilitar o servizo de acceso a Internet**.



Os restantes 143.000 hab. tamén poderán acceder a banda larga



¿Cal é o noso Plan?



Liña 1: Despregamento de infraestruturas

A5 - Satélite: Universalización do servizo (2/2)

Vertebración
territorial

Modo de
execución

- **Unha vez coñecido o detalle do alcance dos beneficiarios das axudas para o resto de actuacións no ano 2012, estudarase como levar a cabo dita actuación para a que, 'a priori' existen dúas posibilidades:**

Posibilidades

1. Programa de incentivos ao operador do servizo universal de BL para mellorar as condicións do mesmo en Galicia.
2. Liña de axuda a usuarios a través do operador do servizo.


Actuación a realizar durante
o periodo 2012 - 2013

Orzamento

4 M€



¿Cal é o noso Plan?



Liña 2: Medidas facilitadoras do despregamento


¿Por que temos que lanzar medidas para facilitar e acelerar o despregue das novas infraestruturas de telecomunicacións?

- 1 Porque os operadores teñen moitos **retrasos** actualmente **no despregue de infraestruturas dentro dos Concellos** fundamentalmente pola lentitude no outorgamento das licenzas necesarias...
- 2 Por que **os Concellos** necesitan apoio e asesoramento: na maioría dos casos **non contan con persoal con coñecemento específico en materia de infraestruturas de telecomunicacións**, o que resulta imprescindible para tramitar con axilidade as licencias necesarias

Por tanto é necesario un **Servizo de apoio aos Concellos** para **darlles soporte na materia e acelerar así o despregue** das novas infraestruturas de telecomunicacións



¿Cal é o noso Plan?



Liña 2: Medidas facilitadoras do despregamento


¿Por qué temos que lanzar medidas para facilitar e acelerar o despregue das novas infraestruturas de telecomunicacións?

- 3 Por que **o maior custo e as maiores dificultades para os operadores** de telecomunicacións no despregamento de redes de telecomunicacións **é a obra civil** que deben facer - **70% do custo** de despregamento- ...
- 4 Por que **en moitas cidades e concellos existen canalizacións e infraestruturas aproveitables** (rede de saneamento, rede semaforica,...) para o despregamento de redes de telecomunicacións que de ser aproveitadas pode reducir a obra civil necesaria e por tanto os tempos de despregue

Por tanto é necesario levar a cabo **actuacións para aproveitar ao máximo as infraestruturas xa existentes** e para **coordinar a realización de obras que poidan ser aproveitadas para introducir infraestruturas de telecomunicacións**



¿Cal é o noso Plan?



Liña 2: Medidas facilitadoras do despregamento

Por tanto, o obxectivo deste liña do plan é...


Apoiar tanto a operadores como a concellos con actuacións de coordinación e soporte que permitan **facilitar e axilizar o despregamento das novas infraestruturas**

¿Cómo o estamos a facer?

- Posta en marcha da **Oficina Técnica do Plan Banda Larga** para informar e asesorar aos cidadáns e axentes implicados na implantación do Plan, e da **Oficina eConcellos** que, entre outras, serve para **asesorar aos concellos nesta materia**.
- Posta en marcha de **actuacións de coordinación para estudar as posibilidades de aproveitamento da obra civil** que se fará no marco de **diferentes plans** que está a poñer en marcha a **Xunta de Galicia**.



¿Cal é o noso Plan?



Liña 2: Medidas facilitadoras do despregamento

Logros polo momento

- ✓ **Consolidación da Oficina Técnica do Plan Banda Larga.** Dende o 19 de febreiro, data na que se puxo en marcha, a oficina deu resposta a máis de 100 consultas de cidadáns, empresas ou axentes implicados no Plan.
- ✓ **Consolidación da Oficina eConcellos – Banda Larga.** Dende o 10 de decembro, data na que se puxo en marcha, a oficina deu resposta a máis de 75 consultas de demanda de información e asesoramento a concellos no relativo ao despregamento da banda larga.

Oficina Técnica do Plan Banda Larga



oficina.bandalarga@xunta.es

981 95 78 68



econcellos




oficina.econcellos@xunta.es

981 95 75 95



¿Cal é o noso Plan?



Liña 3: Fomento e incentivación da demanda


¿Por que se ten que fomentar e incentivar a demanda?

- 1 Porque o uso das TIC pode contribuir a **mellorar a calidade de vida diaria dos nosos cidadáns.**
- 2 Porque o uso das TIC contribúe a **aumentar a competitividade e a produtividade das nosas empresas.**
- 3 Porque o **prezo da banda larga en España** (e por tanto en Galicia) é **un dos máis caros da Unión Europea.**
- 4 Porque **ningún despregamento sería viable se non tivese demanda** por parte dos usuarios finais.

En resumo, para que grazas ao uso da banda larga se contribúa ao **desenvolvemento económico e social de Galicia** e ao mesmo xeito, se **poña en valor o despregamento de infraestruturas realizado.**



¿Cal é o noso Plan?



Liña 3: Fomento e incentivación da demanda

Por tanto, o obxectivo deste liña do plan é...

Garantir o aproveitamento óptimo das infraestruturas despregadas **incentivando a demanda e mitigando as barreiras culturais ou socioeconómicas que frean o seu emprego.**

¿Cómo o imos levar a cabo?

- Levando a cabo **programas de capacitación e achegamento** das novas tecnoloxías aos novos usuarios
- Desenvolvendo **programas de incentivación económica** orientados aos colectivos menos favorecidos.







Índice

1. Introducción
2. ¿Como se elaborou o Plan Banda Larga de Galicia?
3. O Plan Banda Larga de Galicia 2010 - 2013
 - 3.1. Obxectivos estratéxicos
 - 3.2. ¿Cal é o noso Plan?
 - 3.3. ¿A onde queremos chegar?
4. Orzamento



¿A onde queremos chegar?

O **94%** da poboación galega contará coa posibilidade de acceso a un **servizo de Banda Larga de calidade** cun mínimo de 2Mbps/512Kbps



O 6% restante poderá acceder ao servizo de banda larga mediante satélite



¿A onde queremos chegar?

Demanda Empresarial



O **96%** das empresas, incluíndo nestas a todos os polígonos industriais, disporán da **posibilidade de acceso a banda larga de calidade.**

A máis curto prazo, coas actuacións expostas espérase tamén que xa para o ano 2011 se cubra a totalidade dos polígonos industriais e parques empresariais.

Demanda da Administración

O **100%** dos núcleos con demanda por parte da **Administración Pública** disporán de acceso á Banda Larga de calidade.





Redes de Nova Xeración

Máis de **1 millón de habitantes com** **posibilidade de acceso a Redes de Nova Xeración**, e por tanto **con velocidades de cando menos 100 Mbps**, posibilitando así o acceso a novos e máis avanzados servizos da Sociedade da Información.



➔ Índice

1. Introducción
2. ¿Como se elaborou o Plan Banda Larga de Galicia?
3. O Plan Banda Larga de Galicia 2010 - 2013
 - 3.1. Obxectivos estratéxicos
 - 3.2. ¿Cal é o noso Plan?
 - 3.3. ¿A onde queremos chegar?
4. Orzamento



Orzamento

Integración de fondos públicos e privados



O **Plan Banda Larga de Galicia 2010 - 2013** contará cunha dotación orzamentaria de **102 Millóns de euros** de fondos públicos procedentes da Xunta de Galicia

Trátase dun plan global de infraestruturas para Galicia, no que se integrarán os esforzos públicos de todas as deputacións e tamén se mobilizará capital privado, **superándose deste xeito os 232 millóns de euros**



Plan Banda Larga 2010-2013

